



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la privatización de la escuela infantil de la Delegación de Hacienda de A Coruña.**

La escuela infantil de la Delegación de Hacienda en A Coruña es un centro público dependiente del Ministerio de Hacienda, ubicada en el edificio de la Delegación Especial de la AEAT en Galicia, en O Orzán. Cuenta con 30 plazas de 0 a 3 años, organizadas en 3 aulas para las que tiene asignadas cuatro plazas de cuidadoras, asumiendo una de ellas las tareas de dirección. El personal depende directamente del Ministerio de Hacienda, siendo personal laboral M1 y M2 del IV Convenio Colectivo Único del Personal de la Administración General del Estado (CUAGE).

La escuela infantil inicialmente estaba proyectada como un centro laboral, reservando las plazas al personal de la propia Delegación del Ministerio de Hacienda y de la Gerencia Regional del Catastro, así como de la Delegación Especial de la AEAT en la localidad de A Coruña. La evolución y el envejecimiento de la plantilla de estos organismos, así como la realidad sociodemográfica de la ciudad de A Coruña y su área de influencia, llevaron, ante el temor de cierre del centro, a abrir la matrícula a los descendientes de las personas empleadas de la Administración General del Estado en esta ciudad.

Actualmente la matrícula es de 15 niños y una plantilla de 3 cuidadoras, con aulas agrupadas con la autorización de la Xunta de Galicia, titular de las competencias sobre este tipo de establecimientos educativo-asistenciales. La realidad de la oferta de empleo público y la existencia de una lista de sustituciones de tres años de antigüedad y prácticamente agotada dificultan la cobertura de ausencias, bajas, permisos, jubilaciones, renunciaciones... dado que la gestión de estas listas de sustitución se hace de forma centralizada desde Madrid, en lugar de formar listas de sustituciones provinciales. Esta circunstancia incluso ha llevado a la cobertura de plazas mediante empresas de contratación, y ahora, en última instancia, a iniciar los trámites de la privatización del servicio por parte del Ministerio de Hacienda.

Una convocatoria pública de empleo, tramitada de manera ágil y con un número suficiente de plazas para cubrir tanto esta como el resto de las escuelas infantiles del Ministerio de Hacienda en el conjunto del Estado español, junto con listas de sustitución de ámbito



provincial que permitan cubrir las vacantes cuando sea necesario y eviten una cadena de renuncias —provocadas por no resultar rentable para el personal aceptar sustituciones de días o semanas a 500 km de sus domicilios, y que implica, en la práctica, que la Administración Pública obliga a las personas a su servicio a pagar por trabajar—, permitiría solucionar esta situación a medio plazo.

En todo caso, el ordenamiento prevé otros mecanismos para afrontar la falta de personal sin necesidad de optar por la privatización del servicio.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué previsiones tiene el Ministerio de Hacienda para la escuela infantil de la Delegación de Hacienda de A Coruña?
2. ¿Qué necesidades ha comunicado esta Delegación respecto al personal que precisa la escuela para funcionar?
3. ¿De qué modo y en qué plazos se prevé resolver las necesidades de personal que afronta la escuela infantil de la Delegación de Hacienda de A Coruña?
4. ¿Puede asegurar el Ministerio que no se privatizará el centro?

En Madrid, a 24 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 MAR. 2026 15:34:02

Entrada **107871**

Sobre a privatización da escola infantil da Delegación de
Facenda da Coruña

| | |
|-----------------|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á privatización da escola infantil da Delegación de Facenda na Coruña.**

A escola infantil da Delegación de Facenda na Coruña é un centro público dependente do Ministerio de Facenda, emprazada no edificio da Delegación Especial da AEAT na Galiza, no Orzán. Conta con 30 prazas de 0 a 3 anos, organizadas en 3 aulas para as que ten asignadas catro prazas de coidadoras, asumindo unha as tarefas de dirección. O persoal depende directamente do Ministerio de Facenda, sendo persoal laboral M1 e M2 do IV Convenio Colectivo Único do Persoal da Admón. Xeral do Estado (CUAGE)

A escola infantil inicialmente estaba proxectada como un centro laboral, reservando as prazas a persoal da propia Delegación do Ministerio de Facenda e Xerencia Rexional do Catastro e mais da Delegación Especial da AEAT na localidade da Coruña. A evolución e avellentamento do cadro de persoal destes organismos, así como a realidade sociodemográfica da cidade da Coruña e a súa área de influencia levaron, ante o temor de peche do centro, a abrir a matrícula a descendentes das persoas empregadas da Administración Xeral do Estado nesta cidade.

Actualmente a matrícula é de 15 crianzas e un cadro de persoal de 3 coidadoras, con aulas agrupadas coa autorización da Xunta da Galiza, titular das competencias sobre este tipo de establecementos educativo-asistenciais. A



realidade da oferta de emprego público e a existencia dunha listaxe de substitucións de tres anos de antigüidade e practicamente esgotada dificulta a cobertura de ausencias, baixas, permisos, xubilacións, renuncias.... dado que a xestión destas listaxes de substitución faise de xeito centralizado dende Madrid- en lugar formar listaxes de substitucións provinciais. Esta circunstancia, mesmo ten levado á cobertura de prazas mediante empresas de contratación, e agora, en última instancia, a iniciar os trámites da privatización do servizo por parte do Ministerio de Facenda

Unha convocatoria pública de emprego, tramitada de maneira áxil e cun número suficiente de prazas para cubrir tanto esta como o resto das escolas infantís do Ministerio de Facenda no conxunto do Estado español, xunto con listaxes de substitución de ámbito provincial que permitan cubrir as vacantes cando sexa necesario e eviten unha cadea de renuncias —provocadas por non resultar rendíbel para o persoal aceptar substitucións de días ou semanas a 500 km dos seus domicilios, e que implica, na práctica, que a Administración Pública forza ás persoas ao seu servizo a pagar por traballar—, permitiría solucionar esta situación a medio prazo.

En todo caso, o ordenamento prevé outros mecanismos para enfrentar a falta de persoal sen necesidade de optar pola privatización do servizo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que previsións ten o Ministerio de Facenda para a escola infantil da Delegación de Facenda da Coruña?
2. Que necesidades ten comunicado esta Delegación a respecto do persoal que precisa a escola para funcionar?
3. De que modo e en que prazos se prevé resolver as necesidades de persoal quen enfrenta a escola infantil da Delegación de Facenda da Coruña?



4. Pode asegurar o Ministerio que non se privatizará o centro?

Madrid, a 24 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso